

Capítulo	GASTOS			INGRESOS		
	Consignación Inicial	Modificacións	Consignación Definitiva	Previsión Inicial	Modificacións	Estado de Ingresos
1	1.941.141,74	328.736,98	2.269.878,72	1.060.302,50	0,00	1.060.302,50
2	1.381.212,49	141.586,68	1.522.799,17	30.000,00	0,00	30.000,00
3	7.000,00	0,00	7.000,00	549.400,00	0,00	549.400,00
4	87.720,00	-469,00	87.251,00	1.853.485,64	435.252,03	2.288.737,67
5	0,00	0,00	0,00	500,00	0,00	500,00
6	517.653,01	518.837,97	1.036.490,98	0,00	0,00	0,00
7	0,00	200.000,00	200.000,00	441.039,10	111.040,28	552.079,38
8	12.500,00	0,00	12.500,00	12.500,00	642.400,32	654.900,32
9	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	3.947.227,24	1.188.692,63	5.135.919,87	3.947.227,24	1.188.692,63	5.135.919,87

Guitiriz, 4 de outubro de 2017.- A Alcaldesa, Regina Polín Rodríguez.

R. 2945

OUROL

Anuncio

O Pleno do concello de Oural, en sesión extraordinaria celebrada o día dous de outubro de dous mil dezasete, aprobou provisionalmente o expediente de modificación do orzamento, suplemento de crédito, con cargo ao remanente líquido de tesourería polo importe de corenta mil euros, (40.000,00 €). En cumprimento do disposto no artigo 177.2, en relación co 169.1 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, coa finalidade de que durante este período de tempo, que comezará a contar dende o día seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se estimen pertinentes, as que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

Oural, tres de outubro de dous mil dezasete.- O Alcalde-Presidente, José Luis Pajón Camba

R. 2937

PORTOMARÍN

Anuncio

O Concello de Portomarín publica en cumprimento do que dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local- o texto integro da "MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES". A aprobación inicial foi por acordo do Pleno da Corporación do 03 de abril de 2017 e expúxose ao público mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia número 116 do 23 de maio de 2017, sen que houbera ningunha reclamación, alegación ou suxestión, razón polo que se entende aprobado definitivamente.

Tratase de introducir unha modificación (bonificación para inmobles adicados a explotacións gandeiras) e o mesmo aproveitar para dar unha nova redacción que recolla os anteriores tipos e exencións pero axeitando o seu texto a normativa actual.

MODIFICACIÓNS.-

A/ INTRODUCCION DE BONIFICACIÓN.

TEXTO Gozarán dunha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolva total e exclusivamente actividades económicas agrarias ou gandeiras, pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de interese ou utilidade municipal por concurrir circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración, así como as construcións destinadas unicamente a actividades agrarias ou gandeiras.

A declaración de interese ou utilidade municipal, aprobarase pola Xunta de Goberno, en canto competencia do Pleno que se delega na Xunta de Goberno, por razóns de operatividade

A bonificación terá carácter rogado. Para ser beneficiario desta bonificación os suxeitos pasivos deberán solicitala, surtindo efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude.

Para a súa aprobación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

-certificado de facenda na que conste a situación censal do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo.

-acreditación da titularidade catastral do inmovible

-certificacións acreditativas de que o suxeito pasivo non ten débedas coa facenda estatal, coa autonómica nin coa Seguridade Social.

-xustificación do recoñecemento da explotación, ou licenza/comunicación de actividade correspondente.

Previamente á súa aprobación, o concello realizará de oficio as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto da bonificación solicitada.

Os obrigados tributarios deberán comunicar ao Concello, calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación de este beneficio fiscal. Polo Concello, poderá declararse, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de dez días (contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación da apertura de dito prazo) se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a administración coñeza por calquera outro xeito, a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

B/ Disposición final

A modificación da presente ordenanza no referente ás bonificacións dos inmovibles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolva total e exclusivamente actividades agrarias ou gandeiras, que se presenta a aprobación polo Pleno do Concello na sesión ordinaria celebrada o 30 de marzo de 2017, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do un de xaneiro de 2018, continuando en vigor e de aplicación o restante articulado da ordenanza, ata a súa modificación ou derogación expresa.

No que non estea expresamente previsto na modificación da presente ordenanza, rexirán os preceptos contidos na redacción anterior da mesma, así como os preceptos contidos na lexislación reguladora das facendas locais (Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais) e nas demais leis do estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

ADAPTACION A NORMATIVA ACTUAL.-

Os efectos de unificación e adecuación do texto integro da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmovibles tras as distintas modificación sufridas ao longo do tempo, a última de data 31-03-2003, o texto definitivo axeitado a normativa vixente será o seguinte:

Artigo 1.- De conformidade co disposto no art. 72 do Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmovibles, aplicable neste municipio queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.

Artigo 2.-Tipos de gravame;

O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmovibles aplicable aos bens de natureza urbán queda fixado no 0,40 % .

O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmovibles aplicables aos bens de natureza rústica queda fixado no 0,30 %.

O tipo de gravame do Imposto de Bens Inmovibles aplicable aos bens de características especiais, queda fixado no 1,3 %.

Artigo 3.- Exencións: En aplicación do artigo 62 do Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, e en base a criterios de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo, establécense as seguintes exencións na cota líquida do imposto:

Bens Inmovibles urbáns cunha cuota líquida inferior a 6,00 euros.

Bens Inmovibles rústicos no caso de que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos posuídos no termo municipal sexa inferior a 6,00 euros.

Artigo 4.- Bonificacións.

Cozarán dunha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto, aqueles inmovibles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolva total e exclusivamente actividades económicas agrarias ou

gandeiras, pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de interese ou utilidade municipal por concurrir circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración, así como as construcións destinadas unicamente a actividades agrarias ou gandeiras.

A declaración de interese ou utilidade municipal, aprobarase pola Xunta de Goberno, en canto competencia do Pleno que se delega na Xunta de Goberno, por razóns de operatividade

A bonificación terá carácter rogado. Para ser beneficiario desta bonificación os suxeitos pasivos deberán solicitala, surtindo efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude.

Para a súa aprobación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

-certificado de facenda na que conste a situación censal do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo.

-acreditación da titularidade catastral do inmovible

-certificacións acreditativas de que o suxeito pasivo non ten débedas coa facenda estatal, coa autonómica nin coa Seguridade Social.

-xustificación do recoñecemento da explotación, ou licenza/comunicación de actividade correspondente.

Previamente á súa aprobación, o concello realizará de oficio as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto da bonificación solicitada.

Os obrigados tributarios deberán comunicar ao Concello, calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación de este beneficio fiscal. Polo Concello, poderá declararse, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de dez días (contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación da apertura de dito prazo) se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a administración coñeza por calquera outro xeito, a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

Disposición final

A modificación da ordenanza no referente ás bonificacións dos inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolva total e exclusivamente actividades agrarias ou gandeiras, que se presenta a aprobación polo Pleno do Concello na sesión ordinaria celebrada o 3 de abril de 2017, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do un de xaneiro de 2018, continuando en vigor e de aplicación o restante articulado da ordenanza, ata a súa modificación ou derogación expresa.

No que non estea expresamente previsto na modificación da presente ordenanza, rexirán os preceptos contidos na redacción anterior da mesma, así como os preceptos contidos na lexislación reguladora das facendas locais (Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais) e nas demais leis do estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

O ALCALDE, Juan Carlos Serrano López.

R. 2913

QUIROGA

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 22 de setembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

1. Prestarlle aprobación ao Padrón de Auga, lixo e ecotaxa correspondente ao terceiro trimestre do exercicio de 2.017.
2. Que se expoña ao público polo prazo de quince días a efectos de exame e reclamacións, mediante a inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia, e mediante anuncio no taboleiro de edictos no Concello conforme ao establecido na Lei Xeral Tributaria e na ordenanza fiscal reguladora.
3. Que se poña ao cobro nos termos do artigo 62.2 da Lei 58/2003: se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes dende a data de recepción da notificación ata o día vinte do mes posterior ou si este non fose hábil ata o inmediato hábil seguintes; si a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes dende a data de recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou si este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte en período voluntario. A partir da devandita data pasará á recadación executiva co conseqüente recargo de prema e demais custos derivados da execución forzosa.

